

## ANUNCIO

Por este Concello está a tramitarse expediente de autorización autonómica en solo rústico promovido por Domingo Pereira Vidueira, para a CONSTRUCCIÓN DE 4 NAVES PARA DESTINALAS A ALMACENAMENTO, TALLERES, GARAXES OU PARQUES DE MAQUINARIA AGRÍCOLA, de conformidade co artigo 35 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, nunha leira situada no término de San Mamede, deste municipio de Viana do Bolo con referencia catastral 32087A 036000800000HS, P.K. 23.690, márxe dereita da OU-533 A Gudiña-A Rúa, segundo o anteproxecto presentado, apréciase a necesidade da súa localización en solo rústico.

Así, de conformidade cos artigos 38 b) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e 57.1 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, o expediente queda sometido a información pública por prazo dun mes, a efectos de que se formulen cantas observacións e alegacións estímense convenientes.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais, en horario de 9:00 á 14:00 horas, para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello dirección <https://www.vianadobolo.es>.

Viana do Bolo, 7 de novembro de 2018  
O Alcalde. Secundino Fernández Fernández  
Documento asinado dixitalmente á márxe